

VAL DE VIMIANZO

16-03-2024

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



Nesta saída imos facer un percorrido polo oeste do val de Vimianzo camiñando de norte a sur, aproveitando para coñecer a estrutura da poboación tradicional do val, pasando por algún dos seus núcleos e descubriendo a variedade dos seus recursos e o rico patrimonio etnográfico, histórico artístico, natural e paisaxístico.

O roteiro, de aproximadamente 14 quilómetros, é moi variado e atractivo, mesturando tramos urbanos, de monte e de río. Citamos a continuación algúns dos lugares máis destacados que imos visitar.

-**Núcleo Urbano de Vimianzo.** Pazo de Trasariz, xoia da arquitectura palaciega galega, fundado na segunda metade do século XVII pola casa de Altamira. O castelo que foi construído entre finais do século XII e principios do XIII polos Mariño de Lobeira e sufriu numerosos cambios ata a actualidade.

-**Petroglifos de Campo da Cruz.**

-**Cruz do Loureiro.** Cruz de pedra e miradoiro natural sobre todo o val, a lenda afirma que marcaba o emprazamento onde foron executados os líderes da Revolta Irmandiña.

-**Petroglifo de Prado Vello.**

-**Ermida de San Bartolomeu de Salto.** Dominando case todo o municipio, sobre un monte situado a 408 metros sobre o nivel do mar, xunto co Monte Faro é un dos puntos máis elevados da zona, e dende el pódese contemplar todo o val de Vimianzo e municipios limítrofes.

-**Trasouteiro.** Pazo de Trasouteiro, Capela da Nosa Señora da Concepción, un cruceiro e a fermosa fonte encostada ao pazo que conta na súa parte superior cun escudo heráldico.

-**Sansobre.** Onde destacan as súas construcións, horreos e curiosas alvarizas.


-**Cascada de Cubes.**

-**Rasamonde.** Coa súa antiga fonte lavadoiro e A Casa da Serra, casa fidalga con escudo heráldico.

- **Igrexa de San Xoán Bautista de Cambeda.** De base románica, se ben a capela maior é neoclásica (fins do século XVIII ou principios do XIX), ó igual que a capela meridional, do último tercio do século XVIII, cun campanario que supera os 12 m. de altura. O cabazo da reitoral e un dos máis grandes de Galicia 22,34 metros de lonxitude e 16 pares de pes.

- **Río Cambeda.** sorprendente polas súas fermosas fervezas, entre as que destaca a do Pozo Negro. As ruínas dos múltiples muíños que xa aparecían no Catastro da Ensenada aló polo 1.752 e unha das primeiras centrais eléctricas de Vimianzo, que data dos anos 50.

Comenzamos en Vimianzo e rematamos na chaira do restaurante asador Pareisales.



DATOS BÁSICOS	
COMEZO:	Vimianzo
REMATE:	Caxadas
DISTANCIA LINEAL:	14 km aprox
DURACIÓN APROXIMADA:	5 horas
DIFICULTADE:	Media
DESNIVEL POSITIVO:	442 m
DESNIVEL NEGATIVO:	330 m
ALTITUDE MÁXIMA:	403 M
ALTITUDE MÍNIMA:	128 M

PRÓXIMA RUTA:
SENDEIRO DO RIO GALLOL-FONSAGRADA
20 ABRIL